



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (**FADEMGA Plena inclusión Galicia**) PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE E ÁS SÚAS FAMILIAS, E DO MANTEMENTO DE FADEMGA Plena Inclusión Galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación galega de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase FADEMGA Plena Inclusión Galicia dende o 1 de xaneiro de 2017, tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social, do mantemento de FADEMGA Plena inclusión Galicia, así como o desenvolvemento de actividades a prol do colectivo das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto:

A.- Programa de atención a asociacións: apoio, fortalecemento e promoción do movemento asociativo.

B.- Programa de Apoio Familiar.

C.-Xestión do Programa de Atención integral ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento para a autonomía persoal e a cidadanía activa.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

FADEMGGA Plena Inclusión Galicia, entidade sen ánimo de lucro, ten como fins primordiais, reflectidos nos seus estatutos, defender os intereses en Galicia das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e das súas familias, así como fomentar a constitución de asociacións.

E do interese da Consellería de Política Social promover, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, aquelas iniciativas desenvoltas polas entidades de iniciativa social orientadas a fomentar a constitución de asociacións en todos aqueles lugares onde non se cubra a atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e coordinar os obxectivos, actividades, recursos e posibilidades dos seus asociados na protección das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, unificar criterios de acción e fomentar todo tipo de esforzos e actividades conxuntas.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a entidade FADEMGGA Plena Inclusión Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, a súa adecuación ao ámbito das competencias da Consellería de Política Social, a atribución de competencias na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, sendo FADEMGGA Plena Inclusión Galicia a única entidade especializada dentro da Comunidade Autónoma de Galicia no seu eido, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver este programa de interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no





Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 29 de marzo de 2017.

